

Juan Cuveiro Piñol: a librería dun liberal exaltado

Concha Varela Orol
Universidade da Coruña

Versión da autora

Publicado en: A volta do tempo.
Estudos de historia contemporánea. Vigo,
Xerais, 2021

Non temos un relato continuado da vida de Juan Cuveiro Piñol (1821-1906), aínda que grazas as revistas e a prensa puidemos reconstruír diferentes novas da súa vida.¹ Cuveiro publicou na *Revista gallega*, as súas *Memorias retrospectivas*, recordos, impresións de viaxes e acontecementos políticos, con frecuencia sen cronoloxía algunha. As liñas que seguen son ordenación nosa desta fonte fundamental e algunhas outras fontes hemerográficas onde puidemos completala.

Naceu Cuveiro na Coruña en pleno Trienio liberal, e ó pouco debeu trasladarse ó Ferrol, onde viviu dous anos cos avós, posiblemente porque o seu pai en 1822 está en Lugo como oficial do goberno político de Manuel Lastre e de Miguel Pardo Bazán onde "había prestado eminentes servicios, no solo en aquella oficina sino fuera de ella, en asuntos relacionados con los facciosos de la Fonsagrada y otros puntos en 1822 y 23" (Rev. Gallega, 1902, 375, 4). Moi novo comezou a traballar na Capitanía Xeral da Coruña, e en 1837, grazas a intervención da súa madriña a condesa de Espoz e Mina, trasládase a Pontevedra como escribinte da contadoría de amortización, comezando así unha longa carreira funcional.

Toda a súa vida Juan Cuveiro sostivo un forte compromiso político. En Pontevedra, á que considera a súa segunda patria, inscríbese na Milicia nacional e intervén na persecución de carlistas como Mateo Guillade por terras de Cuntis (Rev. Gallega, 1902, 378, 4), manténdose na revolución de 1840 e na insurrección de 1843 fiel a Espartero. Cando Narváez dissolve a Milicia, Cuveiro, daquela primeiro tenente da terceira compañía de Pontevedra, gardará no fallado da súa casa o armamento da mesma, indicándonos que os mantivo en perfecto uso ata que volveron a ser precisos. E isto ocorrerá tres anos despois, no levantamento provincialista de Solís en 1846. Nas *Memorias* do noso libreiro so se reflicten os primeiros sucesos acaecidos en Pontevedra, a creación da Xunta de goberno, a entrega do armamento que estaba na súa casa, e a súa intervención no traspaso á Xunta das caixas da Facenda. O seu amigo Ramón Álvarez de la Braña (1906) describe ó noso libreiro como "acérrimo partidario" dos procedementos revolucionarios,

¹ Existen distintos expedientes do funcionario Cuveiro no Arquivo Histórico Nacional, pero a pandemia fixo que non puideran ser consultados ó peche do traballo publicado. Sí se teñen en conta nesta versión.

tomando parte moi activa no levantamento, e moi posteriormente Juan Naya (1963) tamén lle atribúe amizade íntima cos mártires de Carral, e, vencidos estes, escapar e agocharse. Disto último nada di Cuveiro nas súas *Memorias*, pero en outubro de 1846 está en Madrid, aínda que non nos conta por que motivo. O certo é que si se lle concedeu en 1855 a Cruz do Valor e a Constancia dirixida "á todos los que voluntariamente tomaron las armas en pro del aludido alzamiento" (Tettamancy Gastón, 1908, 431). Mais alá do silencio en relación ós meses seguintes ó levantamento, o que si fai Cuveiro nas súas *Memorias* é analizar os erros estratéxicos de Solís e Rubín de Celís, así como lamentar que non se retiraran, pois "tenían el camino expedito de Portugal por Pontevedra, como lo hicieron muchos y no sucedería la hecatombe de Carral" (Rev. Galega, 1901, 338, 4). Como resultado destes acontecementos, Cuveiro foi suspendido de emprego e soldo na Facenda, aínda que segundo di ó pouco tempo foi repostado.

O libreiro sigue en Pontevedra ata 1857, onde xunto á súa carreira administrativa mantén un comercio de librería. Dende ese ano recorre media España ocupando distintas prazas na administración de Facenda, cos seus correspondentes períodos de cesamento. En 1881, os anos computados na súa folla de servizos eran 23 anos e 7 meses traballando na Administración, e 17 e 4 meses de cesante (AHN, FC-Mº Hacienda,3289,Exp.635). Na medida que logramos reconstruír o cambio continuo de destinos e ceses, sabemos que a finais de decembro de 1858 estivo como administrador depositario en Mondoñedo, de onde se trasladou a Oviedo ata outubro de 1861 que pasa a Lugo, onde participa na subscrición popular para traer a España os restos de Muñoz Torrero (La Iberia, 24 de maio de 1864, 3). Desta cidade trasládase en 1865 a Ourense, onde está ata 1867, e ó ano seguinte é brevemente Xefe de Estatística da provincia de Pontevedra; en 1872 está un mes en Tarragona, como xefe da caixa provincial, volvendo con igual cargo ese ano a Lugo; en 1873 encontrámolo en Lugo e Santiago. En 1874 está en Barcelona ata xuño de 1876, en que pasa a cesante "clasificado". En xuño do ano seguinte encontrámolo en Murcia, e quizás por estes anos volve a Lugo xa que é este enderezo o que achega na constitución da *Sociedade anónima del Ferrocarril de Pirineo Central* da que forma parte (Gaceta de Madrid, 16 de novembro de 1877, 502). En 1878 trasládase a Granada, onde di nas *Memorias* que estivo catro anos; está en Ourense en 1887, en 1892 pasou de novo a ser cesante (Gaceta de Madrid, 3 de decembro de 1892) co goberno de Cánovas; en 1893 está en Murcia (Bol. Oficial de la Provincia de Murcia, 22 de xullo de 1893, 3), onde é cesado en 1900 froito das eleccións gañadas polo conservador Francisco Silvela. Entre ambas datas estivo en Cuenca en 1895, e, sen que poidamos determinar o ano, tamén en Toledo. Nos últimos anos da súa vida reside en Valladolid, "sin mas recurso pecuniario que su cortísima pensión de empleado cesante" (Álvarez de la Braña, 1906), polo que se vería necesitado de realizar algunhas actividades como ser correspondente da *Correspondencia de España* ou vender por correo autógrafos de persoeiros ligados á súa vida como Espartero, a condesa de Espoz y Mina, Pedro Agar, Manuel Lastre, Miguel Pardo Bazán, Sagasta, etc. (El Cantábrico, 9 de xaneiro de 1904). Finará nesta cidade en 1906.

Ademais das súas actividades administrativas e comerciais, dende 1841 o noso libreiro dedicouse ós estudos arqueolóxicos e numismáticos, reunindo unha importante colección de moedas. Parte destas moedas procedían do achádeo dunha ánfora romana con mais de 8.000 moedas por parte dunha labradora da parroquia de Xeve, que xa malvendera algunhas, logrando mercar as restantes Cuveiro, quen intercambia parte cos coleccionistas madrileños Manuel Cerdá de Villarestau e Francisco Otín y Duaso (Rev. Gallega, 392, 2). Cuveiro debeu trabucarse datando este descubrimento en 1849 (Cuveiro, 1891, 121), pois el mesmo en *La distracción* de Pontevedra de 1 de xullo de 1847 da noticia do seu descubrimento. Nos recordos da súa estancia en Madrid en 1857 segue mercando moedas en almacéns e ata nunha carbonería onde adquiriu máis de 500 (Rev. Gallega, 1902, 394, 3). Entre unhas e outras deberon estar moedas das cecas sinaladas cun asterisco na súa *Iberia proto-histórica* (Cuveiro, 1891, 172), xa que di que as así indicadas estiveron nas súas mans. Cando abandona Pontevedra vende máis de 5.000 moedas e medallas ó instituto de segunda ensinanza da cidade, para cuxo establecemento xa participara na subscrición popular de 1845, xunto con 30 sinais sacadas á galvonoplastia de moedas de ouro e "importantes y curiosos" libros que lle venderan os herdeiros do médico Gutiérrez do Hospital Real de Santiago, quizá Juan Gutiérrez de la Cruz.

Noutras ocasións Cuveiro cedeu as pezas arqueolóxicas que obtivera ó Museo Arqueolóxico, como é o caso dunha machada de talón, atribuída por el á Lanzada, aínda que na actualidade suponse do illote de Figueira en Cambados (Museo Arqueológico Nacional, 2016, 31). Tivo tamén no seu poder a machada de talón da ponte de Curopó (Soutomaior), probablemente a mesma existente hoxe no museo citado, aínda que figura coa procedencia de Francisco Sancho Gutiérrez, un membro da Comisión de Monumentos de Pontevedra, a quen é posible que lla vendera Cuveiro. Ambas chegaron ó Museo Arqueolóxico Nacional, con outras pezas galegas, en 1872 mediante a comisión a Galicia do arqueólogo e oficial do Corpo Facultativo Fernando Fulgosio (Revista de Archivos, Bibliotecas y Museos, 21, 15 de novembro de 1872, 336). A partir de finais de 1869, formou parte da Comisión de Monumentos de Pontevedra, e debeu ser nesta época cando participou na apertura dos sepulcros de Paio Gómez Chariño e a súa dona que describe nas súas *Memorias* (Rev. Galega, 1902, 392, 3). En 1870 foi nomeado correspondente da Academia de Belas Artes de San Fernando. Estes intereses darán orixe a distintos artigos de Cuveiro sobre numismática, como o publicado no *Almanaque de Galicia para uso de la juventud...*(1867, 77-84). Andando o tempo, en Valladolid en 1891 Cuveiro publica o libro *Iberia protohistórica y rectificaciones de algunos hechos históricos desde los atlantes, bereberes y otros pueblos que se han establecido en España, hasta la Era Cristiana...* Nese mesmo ano foi nomeado socio correspondente da Asociación Artístico-Arqueológica Barcelonesa.

Outra actividade importante ó longo da súa vida foron as súas contribucións nas revistas culturais e no periodismo de información. Nas primeiras dirixiu e/ou colaborou en distintos títulos como *Las Musas del Lérez* (1842), *La distracción. Periódico de ciencias y literatura* (1847), *Almanaque*

gallego... (1865-1869), *La Revista* (1867-1868), *A Monteira* (1889-1890), onde escribiu diversos textos en galego, e *La Ilustración gallega y asturiana* (1878-1882). Dirixiu *El circulador. Periódico de literatura e anuncios*, do que o único que coñecemos é o número de 18 de agosto de 1846, que contén un poema anónimo en galego.

No periodismo de información edita e dirixe no Bienio progresista *El libre pontevedrés. Periódico político y de intereses locales*. O seu primeiro número de 13 de agosto de 1854 ábrese cun manifesto en apoio dos progresistas: "ellos proclamaban ayer el derecho divino de los reyes, y nosotros solo esperabamos una oportunidad para demostrar la soberanía popular haciéndoles enmudecer con nuestra imponente actitud", segue coa descrición e festas do pronunciamento de Pontevedra, e remata cun anuncio de libros da súa librería, sen dúbida seleccionados para a ocasión: dúas biografías de Espartero, as *Memorias* de Espoz y Mina, a novela *El carnaval ó el Simpar romántico* do escritor pontevedrés do prerrexurdimento Ramón Franco, o texto do republicano federalista e iberista José María Orense *Los presupuestos como los desea el pueblo español*, unha biografía deste autor, e outros títulos similares. Na mesma época editou Cuveiro unha folla co título *El correo de Pontevedra* que acompañaba nesta cidade ás subscricións ó periódico madrileño o *Correo universal*, saído a finais de 1854.

Sen dúbida as achegas máis coñecidas de Cuveiro foron os estudos lingüísticos, primeiro coa publicación de *El habla gallega: observaciones y datos sobre su origen y visicitudes* (Pontevedra, 1868), que se vendeu en doce entregas. A obra constitúe o primeiro número dunha *Biblioteca popular de Galicia*, posterior á dirixida por Castor Méndez que se abriu en 1860 con *Los Reyes suevos de Galicia* de Vicetto. O obxectivo da sociedade que impulsaba a nova Biblioteca era formar unha asociación de todos os escritores galegos "cuyas obras se insertarán gratis, dando además á cada uno de ellos la parte que le corresponda en las utilidades" (El Buscapié, 14 de decembro de 1867). A colección anunciábase como "Obras de instrucción y recreo divididas en dos secciones", e o seu fundador era Juan Cuveiro Piñol (El Buscapié, 8 de febreiro de 1868). En 1876 publicou en Barcelona² o *Diccionario gallego*, que indicaba despois do seu título: "...para la Escuela de Diplomática, anticuarios, jueces, abogados, escribanos..."³. Cuveiro debeu ter en proxecto continuar este traballo cun Dicionario ibérico, que comprendería o castelán, portugués, latín, valenciano, catalán, mallorquino, galego, asturiano e euskera e que estaba redactando en 1877 segundo a revista *La Academia* (28 de xaneiro de 1877, 64). Posteriormente debeu preparar

² Houbo proxectos de edición desta obra anteriormente, xa que se anunciou nun prospecto da Biblioteca popular de Galicia ó mesmo tempo que *El habla gallega*, tamén noutro prospecto de Madrid da Imprenta y librería de Manuel Guijarro de 1874 (CCPB000844976-7), e nese mesmo ano anunciouse no periódico de Pontevedra *El deber. Periódico republicano federal independiente* (12 abril 1874). Nos anos seguintes á publicación do Dicionario, este tivo considerable recepción en traballos filolóxicos alemáns, suecos e franceses.

³ A Escola de Diplomática, onde se formaban bibliotecarios, arquivistas e anticuarios, fora creada en 1856 e no seu Regulamento de 11 de febreiro de 1857 incluía nos estudos coñecementos do romance, lemosín e galego.

un diccionario castelán-galego, xa que a súa publicación aparece anunciada na prensa (*El Correo gallego, Diario monárquico*, 31 de marzo de 1903).

Cuveiro escribiu tamén algúns textos literarios en galego e castelán, ademais das narracións publicadas en revistas como *A Monteiro*, ou o poema galego O Mosteiro d'Armenteira na *Revista Gallega* en 1901. En 1860, nos festexos en Oviedo con motivo da toma de Tetuán, compuxo tres sonetos en castelán que publica nas súas *Memorias* (Rev. Gallega, 1903, 408, 3), e en 1868 publicou un poema en castelán *Para la corona funebre de mi malogrado amigo el Señor Don Antonio de Valenzuela Ozores*. Escribiu en galego *Pedro Madruga, drama histórico*, en verso, que foi publicado como folletín no periódico pontevedrés *La opinión* a partir do 22 de febreiro de 1897. Posteriormente vendeuse separadamente na imprenta da *Opinión*, como indican anuncios no periódico en diversos números de decembro do mesmo ano.

A librería de Juan Cuveiro e o seus catálogos

Na década de 1840 xa cristalizaran unha serie de mutacións no comercio do libro, algunhas desenvolvidas paulatinamente dende finais do século XVIII. Os primeiros cambios tecnolóxicos producíronse a principios do século XIX coa paulatina consolidación da substitución das imprentas manuais polas mecánicas, a introdución do papel continuo, a estereotipia, e a litografía. En canto ó modelo de negocio, aínda que resiste o vello modelo de editor/ impresor/ libreiro que caracterizou o comercio da librería no Antigo Réxime, esta amalgama comeza a fracturarse, e na década de 1840 aparecen as sociedades tanto no campo da edición como da librería.

Ó mesmo tempo adoptáronse novas estratexias comerciais por parte dos editores. Distribúense libros a comisión, que non hipotecaban ós libreiros con fondos non vendidos e que encontramos tamén na librería de Cuveiro. Aparecen dúas formas de venda seriada dos libros: a venda por entregas e o folletín. A primeira, con frecuencia combinada coa subscrición, ó fraccionar o prezo permitía chegar a un público máis amplo, pero tamén incrementaba considerablemente os prezos dos libros, ata o punto que "...el público prefiere pagar ochenta reales en ciento sesenta veces, á veinte de una vez" (Nombela, 1866); os folletíns, publicados en prensa e revistas, contribuíron á difusión da propia prensa e ó acceso ós textos a sectores que dificilmente doutro xeito poderían achegarse ós libros. Ademais deséñanse amplas campañas publicitarias nas publicacións periódicas, chegando ata os boletíns oficiais provinciais, e nos propios libros, que incluían anuncios, prospectos, etc. Finalmente, revitalízanse as coleccións editoriais, coas que os editores empregan tamén as subscricións, que supoñían a obtención de regalos doutras obras ou determinados tomos de balde, e incluso rifas, como na *Biblioteca del siglo* (*Boletín oficial de la provincia de Cáceres*, 141, 24 Novembro 1847), ou na *Biblioteca popular de Galicia* dirixida por Cuveiro.

Tamén os libreiros ou os libreiros/editores adoptaron novas estratexias na distribución do libro, como as rebaixas dos libros en función da inversión do comprador que encontramos, por exemplo, en 1842 nun catálogo da librería de Francisco Oliva sobre os fondos que editaba, inserido ó final

do tomo segundo del *Album pintoresco universal* (1842), e que atoparemos tamén nos catálogos de Cuveiro. Asociados ás librerías, puxéronse en marcha gabinetes de lectura ou librerías circulatorias, nos que mediante un pago reducido podíanse ler obras e prensa *in situ* ou mediante préstamo. Os gabinetes ampliaron considerablemente o achegamento ós libros, especialmente das mulleres (Turner, 2002, 132-137, Royere, 2019, 34-41, 110), o que fai que ás veces os editores se confronten con eles ó promocionar os libros. Así nun prospecto da colección *Tesoro de autores ilustres*, dirixida por Jaime Tió, ó resaltar os módicos prezos dos libros indícase que estes son "los mismos que cuesta la subscrición en cualquier gabinete de lectura". Esta modalidade de gabinete foi adoptada por Cuveiro en 1848, cando amplía o negocio a Santiago formando unha sociedade con Ramón Rey Romero para abrir nesta cidade unha librería circulatoria de lectura, que non sabemos se realmente chegou a existir como tal, porque baixo o nome *Librería circulatoria de Rey Romero y Cuveiro* so atopamos anuncios de venda de libros.

Cuveiro participou en distintos negocios ó longo da súa estancia en Pontevedra, como xa vimos. Pero, sen dúbida, é a librería pontevedresa o negocio principal. Estaba situada no número 1 de Praza da Constitución, hoxe Ferrería, onde había un faladoiro diario entre "cultivadores de las letras y de los que militaban en la hueste política, denominada de los *exaltados*", en palabras da necrolóxica de Álvarez de la Braña xa citada. De acordo a este, Cuveiro abriu a súa librería en 1840 e pechouna en 1848, dato que corrixe Carballo Calero (1962, 408) indicando que o peche foi en 1867. Nos, a través dos anuncios de libros e revistas na prensa madrileña ou nos propios libros, encontramos a librería aberta entre 1847 e 1861, e dende logo debía estar pechada a finais de 1867 xa que o anuncio da *Biblioteca popular* que dirixía da como punto de subscrición a casa de Antúnez y Compañía, editores. En todo caso, o negocio libreiro seguiu aberto mentres Cuveiro vai rodando de cidade en cidade na Facenda española. Non sabemos quen quedou nestes anos á fronte librería, xa que sempre figura co nome do seu creador, pero é posible que a súa familia quedase un tempo en Pontevedra.⁴

Coñecemos dous catálogos do fondo da súa librería publicados por Cuveiro. O primeiro veu a luz en dúas partes no *Boletín Bibliográfico español y extranjero* de Dionisio Hidalgo (nº 21, 1 de novembro de 1849, 332-336, e nº 22, 16 de novembro de 1849, 349-352). Está formado por 319 rexistros de libros en 721 volumes, ordenados alfabeticamente, as veces por autor e outras por título. O libreiro denomínalo como "Catálogo de las obras que se hallan a la venta en el establecimiento literario...", e este título está precedido de "Gran baratura de libros. Rebaja de una cuarta parte en los precios señalados y de una mitad si el pedido pasa de 100 rs.". Non sabemos se se trata do total de títulos da librería, descoñecendo tamén o número de exemplares que posuía de cada título, xa que a información límitase a autor (non sempre), título, número de tomos e

⁴ Cuveiro tivo varios fillos e fillas. Na prensa podemos identificar a Claudio Cuveiro González, e Adela, Angel, Luis, e Julia Cuveiro Parceró, aínda que esta última tamén aparece cos apelidos Cuveiro González.

prezo. Os fondos están maioritariamente en castelán, aínda que hai sete rexistros en francés, dous en inglés e dezaseis en latín. Trátase de obras que teñen edicións no século XIX, aínda que un número menor deben ser de séculos anteriores, xa que non atopamos edicións desas obras contemporáneas á Cuveiro. Téñase en conta que, como xa sinalamos, o libreiro adquiría libros de segunda man pola venda de bibliotecas, e quizá tamén se nutriu de fondos adquiridos noutras librerías que ofertaban estes libros de vello, como as madrileñas La Publicidad e a de Manuel Pereda ou a barcelonesa de Oliva. É neste momento cando en España se desenvolve o mercado anticuario na librería, non que tivo un considerable papel a desamortización de Mendizábal.

A temática mellor representada neste catálogo é a correspondente á política, lexislación e economía, representando un 17,2% do total da colección, cun claro predominio das obras de dereito, tanto civil como eclesiástico, e con abundancia de recompilacións lexislativas, ordenanzas, etc. A narrativa é o segundo grupo mais numeroso (13,5%), coa presenza de novelas sentimentais, epistolares, e góticas, moitas delas escritas por mulleres que se incorporaran ó campo nas últimas décadas do XVIII (Ann Radcliffe, Elizabeth Blower, Sarah Fielding, Agnes Bennet, Isabelle de Montolieu, Stéphanie-Félicité du Crest Genlis), ó lado de obras xa plenamente encadradas no Romanticismo (Alexandre Dumas, Eugenio Sue, Victor Hugo). O terceiro conxunto mellor representado é o formado polas obras de historia (10,3%), onde ó pe de obras biográficas, encontramos historias de distintos países, e unha serie de obras referidas ós avatares políticos do século XIX español (obras do Conde de Toreno, de José Muñoz Maldonado, Juan Do-Porto, etc).

O segundo catálogo que localizamos⁵ foi publicado nun folleto de 10 páxinas na imprenta pontevedresa de Antúnez e Pazos, e coñecémolo grazas a denuncia presentada ante o Bispado de Santiago en decembro de 1855 por conter libros prohibidos ou sospeitosos de selo. O denunciante, Lucas Nogueira, indica que o catálogo llo mandaron de Pontevedra, e subliña os que el sabe que son prohibidos (novelas de Louvet de Couvray, Rousseau, Ann Radcliffe, William Henry Ireland, Dumas, Balzac, etc, e obras de Jeremy Bentham, Bartolomé José Gallardo, León de Arroyal, etc.) e pon tamén unha marca nos que polo título lle infunden sospeita (novelas de Elizabeth Blower, Félix Bogaerts, etc.).

Aínda que non se trata da mesma tirada de imprenta, ó menos o corpo principal deste catálogo foi publicado en *El libre pontevedrés* en 1854. Malia que a colección do periódico que consultamos está incompleta, no número correspondente ó 19 de novembro dese ano aparece unha continuación do catálogo da librería coa letra E que coincide cos fondos e a súa orde co catálogo en folleto, e así sucesivamente nos seguintes números, e tamén neste caso con "Gran rebaja en los

⁵ Arquivo Histórico Diocesano de Santiago (AHDS), Leg. 472 Expedientes de censura, 1813-1896. Agradezo ó seu director Salvador Domato que me facilitara con prontitude unha copia do mesmo en tempos de pandemia.


precios" e "Exposición de 1854". A publicación de catálogos completos da librería de Cuveiro, non debía ser puntual, xa que sinala "Este Catálogo anula los anteriores".

O obxecto da nosa análise centrárase neste último catálogo publicado co título xeral, *Catálogo general del Establecimiento Literario de Pontevedra*, e precedido en grandes letras por "Propaganda bibliográfica—Baratura nunca vista". Indica tamén que, ademais da gran rebaixa que xa teñen os libros, nos pedidos de 100 reais rebáixanse 20, se alcanzan 300 a rebaixa é de 100, e nos de 500 é de 200, agás naqueles libros que eran en comisión, que ían sinalados cun asterisco. Os prezos dos libros, ó marxe da rebaixa, son considerablemente máis baratos neste segundo catálogo, por poñer un so exemplo os catro tomos de *Espartero: Historia de su vida...* no catálogo de 1849 custaba 160 reais, mentres agora so custa 60, o que é indicativo da considerable caída dos prezos ó longo do período. Os libros enviábanse á provincia ou fora dela, o que, xunto a distribución dos catálogos, nos mostra que Cuveiro ampliaba xeograficamente o mercado, o mesmo que o fixera formando a sociedade con Francisco Rey Romero.

Este catálogo xeral, de impresión mesta e con moitos erros de imprenta, ten un corpo principal ordenado alfabeticamente por autores (poucas veces) ou títulos, con 816 rexistros, dos que 690 forman o corpo principal, e 126 un suplemento. Remata sinalando que ten ademais devocionarios e "semanas-santas en pastas relieves terciopelo y marfil desde 3 rs. hasta diez duros", ademais de incluír entre os libros "albumes en blanco y bonita pasta". Se como supoñemos, ambos catálogos corresponden ó conxunto de fondos da librería, obsérvase claramente un forte incremento de títulos na librería nos cinco anos que separan ambos catálogos.

A distribución temática dos rexistros, de acordo á clasificación empregada por Dionisio Hidalgo na táboa sistemática do seu *Boletín Bibliográfico español y extranjero*⁶, é a seguinte:

⁶ Nesta táboa percíbese claramente a nova orde temática que substitúe ás clases do Antigo Réxime separando, por exemplo, a literatura e as novelas, ou as obras de relixión (devoción e piedade) das ciencias eclesiásticas, así como a fractura nas distintas ciencias. Estas materias presentan lixeiras variacións ó longo dos tomos do Boletín de Hidalgo, empregando nos aquí a táboa incluída no tomo en que se publicara o catálogo de Cuveiro en 1849, aínda que reunimos no apartado Literatura e Belas artes as obras de teatro, polo escaso número destas últimas.



En relación ó catálogo de 1849, estes datos mostran un maior número de títulos de política, lexislación e economía, pero un menor peso porcentual da materia que agora é un 12,1% do total de rexistros; tamén se reduce a porcentaxe das obras de relixión, ciencias eclesiásticas, filosofía e moral, medicina, xeografía e viaxes, literatura, filoloxía e educación, etc. So tres materias incrementan porcentualmente os seus fondos: en primeiro termo as novelas, que agora supoñen un 22,3% do total dos rexistros da librería, en menor escala a historia, memorias e biografías que representan o 11,1% da colección, e as publicacións periódicas que agora pasan dun título a sete. As dúas primeiras serán o obxecto da análise que facemos a continuación, xa que historia e novela están intimamente ligadas por moitas razóns. En primeiro termo pola narratividade que as caracteriza, como deixan ver os dicionarios da Real Academia Española. Se nas súas primeiras edicións unha das acepcións de historia era "fábula o enredo", en 1803 convértese en "fábula, cuento o narración inventada", mentres a novela era na primeira acepción "Historia fingida y tejida de los casos que comunmente suceden ó son verisímiles". Ambas acepcións seguen vixentes hoxe, onde a produción literaria non deixa de ser un tipo peculiar de facer historiografía (Moreno Alonso, 1979, 69). Naturalmente a historia foi a materia prima da novela histórica romántica, que como a historia buscou case sempre no pasado o carácter nacional. Neste sentido a novela foi considerada no século XIX como complemento da historia porque como sinalaba Antonio Gil y Zárate (1844, 200)

En la historia no conocemos sino los hechos en grande, no vemos a los personajes sino en su vida pública, ... pero la novela tal como la ha concebido Walter Scott, nos muestra esos mismos personajes en su vida privada, ... y por lo tanto nos los dá mejor a conocer; enseñándonos a la par mil usos y particularidades de los tiempos pasados, que la historia tiene que callar necesariamente...

Esta conexión da historia e a novela é perceptible tamén no campo autoral, editorial e libreiro. Moitos dos escritores que atopamos no catálogo foron historiadores e novelistas a un tempo, como iremos sinalando. Os editores aglutinan novelas e historias con frecuencia baixo a mesma colección, tais como o *Tesoro de Autores ilustres* de Juan Oliveres, ou *La época, biblioteca para todos* de Salvador Manero, e tantas outras. Froito do labor dos autores ou dos editores, xa que os últimos tamén modificaban os títulos, o 37'2% das novelas do corpus de Cuveiro aparecen na portada tildadas de "historia" ou "novela histórica", e incluso unha de "historia-novela".

"A Historia, que ensina, corrixe e mellora"

Editores, lexicógrafos e historiadores parecen estar de acordo con estas palabras con que o editor barcelonés Joan Oliveres i Gavarró xustificaba a introdución dos libros de historia no prospecto da súa colección *Tesoro de Autores ilustres*. Así tamén o lexicógrafo e liberal progresista galego Ramón Joaquín Domínguez (1849, T. II, 955) na edición do seu *Diccionario Nacional* sinalaba que a historia era "La narración de los sucesos tenidos por verdaderos, a fin de deducir de lo pasado probabilidades para lo venidero" e o historiador Fermín Gonzalo Morón (1841, 27) insistía "...examinaremos y estudiaremos [o pasado] para explicar lo presente, para dictar reglas al porvenir". Esta formulación da historia está amplamente representada na librería de Cuveiro.

Apenas atopamos aquí fondos editados antes do século XIX, a non ser quizá un tomo da *España sagrada* de Enrique Flórez, que cos datos do inventario non é posible saber se corresponde ós tomos editados no século XVIII ou no XIX, e algún outro título que sinalaremos. Noutros casos os títulos deben corresponder a reedicións contemporáneas a Cuveiro, como a *Historia de la conquista de Méjico* de Antonio de Solís y Rivadeneira, posiblemente na edición de 1851, *Las relaciones de Antonio Pérez*, reeditada en 1849, ou o *Escrito clásico del reinado del Sr. D. Carlos III de Floridablanca*, editado en España en 1829. Destas reedicións a obra de maior presenza é o *Compendio de historia de España* de Duchesne na versión de José Francisco de Isla. Deste compendio o catálogo indica co nome de Isla dous rexistros, un en dous volumes, a forma habitual en que se editou no século XIX, e outro nun so volume, que, polo seu baixo prezo, posiblemente é algunha edición dirixida ós nenos como a de Girona de 1843.

Entre os libros escolares aparecen tamén as *Lecciones instructivas sobre la historia y geografía* de Tomás de Iriarte, baseada na composta en verso por Isla, e editada a finais do XVIII, pero con moitas edicións ó longo do XIX, sendo dende 1841 libro de texto para a instrución primaria superior (*Boletín Oficial de Instrucción pública*, 15 de outubro, 1841), e a edición corrixida e aumentada por Gómez Ranera seguía sendo en 1848 (*Boletín Bibliográfico español y extranjero*, 1 de agosto de 1848, 235). A librería ofertaba ademais outros libros publicados por vez primeira en España no século XIX e dirixidos a distintos niveis educativos, xa que a historia foi introducida como obxecto de lectura no *Plan y Reglamento de escuelas de primeras letras de 1825* (1825, 11) e a partir de 1845 nos institutos de segunda enseñanza. Entre estas obras están dúas edicións do compendio de Alejandro Gómez Ranera, unha co título *Breve compendio de historia de España*,

título co que o publicou en 1837, e outra dalgunha das edicións aumentadas posteriores, que suprimen do título a palabra "Breve". Este libro foi designado como libro de texto pola Dirección Xeral de Estudos e adoptada pola maior parte de Universidades e colexios (Estrada, Gregorio, 1866, 36). Así mesmo foi declarada útil para o ensino polo Consello de Instrución Pública a obra de José Angulo *Nociones generales de la historia de España* con distintas edicións a partir de 1843, tamén presente no catálogo.

Un *Compendio de Historia Romana en verso* (1800) do escolapio Fidel Laredo Gil de Bernabé, que non podemos consultar, debía ir dirixido ós nenos, xa que a presentación en forma de catecismo e en verso era habitual nos libros escolares para facilitar a memorización dos textos. Tamén se ofrecían as *Obras de Cayo Crispo Salustio revisadas y cotejadas con los mejores códices y ediciones, é ilustradas con notas en español para el uso de las escuelas*, co texto latino e introdución e notas en español, das que so coñecemos unha edición de París de A. Bouret y Morel de 1847; e un libro con textos de historia romana, aínda que dirixida o estudo do latín, *De los varones ilustres de la ciudad de Roma desde Rómulo hasta Augusto* de Charles François Lhomond, que debe tratarse do impreso en París⁷ pola Librería de Rosa, Bouret y Cia. en 1847 e en 1853, co texto latino e notas en español, incluíndo un diccionario latín-español.

Outros libros dirixidos ós nenos na librería eran a *Historia de Francia referida a los niños*, que se publicou en 1844 dentro da colección de Ignacio Boix *Biblioteca de educación*, sen indicación de autor⁸, aínda que se trata da tradución da obra de Jules-Raymond Lamé-Fleury, un historiador francés especializado en publicacións infantís; do mesmo autor a *Historia romana contada a los niños* (1831) editada por Tomás Jordán; e a *Historia de Inglaterra contada a los niños* (1831), sen nome de autor na edición española de Jordán, pero tradución de *Stories for Children from the History of England* de John Wilson Croker. Ambas obras estaban recomendadas para a instrución primaria en 1848 enfocadas ó exercicio da lectura. Dirixida ós mozos estaba a *Historia de Alemania desde los tiempos mas remotos hasta nuestros días* de Friedrich Kohlrausch, que os seus tradutores destacaban que fora adoptada en todas as Universidades alamanas.

Pese ó predominio da historia nacional, xeral ou particular, que imos atopar na librería, no catálogo figuraban algúns textos de historia universal, como unha versión abreviada e continuada do *Compendio de Historia universal* (1799) de Louis Pierre de Anquetil, con edicións españolas dende 1801, e posiblemente aquí a publicada en 1844; o *Compendio elemental de historia universal* (1842-1843) do catedrático da Universidade de Madrid Alfredo Adolfo Camus, publicado dentro de *Biblioteca de educación* de Ignacio Boix, así como os trinta e oito volumes

⁷ Dende 1843 a librería de Monier en Madrid actuaba como depósito de libros da central de publicacións que crearan en 1840 os libreiros/editores franceses, xerme do posterior Cercle da Librairie (1847). É posible que fora esta a vía empregada por Cuveiro para achegar ó seu fondo estes libros editados en Francia.

⁸ No libro si figura na portada unha relación de autores encabezada por Gil de Zárate, pero refírese ós autores que publicaron na colección.

da *Historia universal* do creacionista Cesare Cantu editada na *Biblioteca popular económica* de Francisco de Paula Mellado entre 1847 e 1850 en tradución de Antonio Ferrer del Rio.

Algúns textos do fondo de Cuveiro eran historias de Galicia: a obra do cronista Huerta y Vega *Anales de el Reyno de Galicia* (1733-1736), que deu lugar a fortes críticas por lendaria; o *Compendio de la vida, martirio, traslacion é invencion del... apóstol de España Santiago el Mayor ...* (1819) de Manuel María de Vila, no que á biografía do apóstolo se engadían unhas páxinas sobre a edificación da catedral e unha cronoloxía dos bispos composteláns; a *Historia de Galicia* (1838) de Verea y Aguiar, un dos primeiros representantes do celtismo en Galicia; e a *Reseña histórica de los últimos acontecimientos políticos de Galicia* de Juan do Porto, sobre o pronunciamento de 1846, editada en Madrid nese mesmo ano. Polas relacións coa revolución galega de 1846 (Fernández Cortizo, 2013) sinalamos aquí a obra sobre a Revolta do Minho *O Nove de outubro ou breves considerações sobre a ultima guerra civil* (1849) de António Alves Martins. Chama a atención que non figure entre os libros de Cuveiro a *Historia de Pontevedra* (1846) de Claudio González Zúñiga, que si estaba no catálogo de 1849⁹, aínda que si dispoñía da *Descripción geográfica, estadística, económica é histórica de... Pontevedra y sus hombres célebres con inclusión de la ría y provincia...*(1848), que contiña os datos proporcionados polo autor a Madoz para o seu dicionario.

Da historia antiga española o catálogo ofertaba a *Crónica general de España* de Florian Ocampo, posiblemente o volume primeiro de *Las Glorias Nacionales: Grande historia universal de todos los reinos...*, publicadas por La Publicidad entre 1852-1854. Da historia medieval Cuveiro facía tamén unha oferta limitada: o *Discurso histórico-crítico sobre la decadencia del imperio musulman en España...* (1838), primeira obra histórica de Eugenio de Tapia, cultivador de distintos xéneros como a poesía e o teatro, que analiza a Reconquista, sen deixar de louvar a cultura árabe en España e xustificar o atraso cultural das monarquías cristiáns, recoñecendo a débeda da súa obra coa do arabista Antonio Conde; e o libro de José María Amado Salazar, autor tamén de novelas históricas, *Historia critica del reinado de Don Pedro de Castilla y su completa vindicación* (1852), que debeu de venderse en entregas, xa que ó final do volume figura unha indicación para a colocación das láminas.

Os principais libros de historia moderna son achegas dos historiadores europeos e estadounidenses como René Aubert de Vertot, William Hickling Prescott, Charles Weiss, e Víctor Du Hamel, xunto á do portugués Francisco Manuel de Melo. Deste último autor ofertaba Cuveiro a *Historia de los movimientos, separación y guerra de Cataluña en tiempo de Felipe IV* (1645), testemuña directa da sublevación de Cataluña de 1640, que tivo polo menos sete edicións dende 1808 ata a data de publicación do catálogo. A historia da incorporación de Portugal á monarquía

⁹ Quizá a obra estaba esgotada, xa que non encontramos ningún anuncio dela ata 1862 e no marco dunha venda de libros antigos en Palma de Mallorca (Boletín bibliográfico español y extranjero, 15 de decembro de 1862, LXXXI)

española escrita polo Abbé Vertot, *Histoire des révolutions de Portugal* (1711), está nos fondos de Cuveiro nunha edición en francés das moitas que se publicaron no século XVIII e XIX. A *Historia de la conquista del Perú* (1847) do hispanista William Hickling Prescott foi editada en España en 1847-1848, e conta con diversas edicións nos anos seguintes; o libro do historiador francés Weiss *La España desde el reinado de Felipe II hasta el advenimiento de los Borbones* (1844), en defensa dos Borbóns e da unidade nacional de España, tivo dúas edicións sucesivas, unha en 1845 da Imprenta de Aguirre, e de novo en 1846 por Paula Mellado; A *Historia constitucional de la Monarquía española desde la invasión de los bárbaros hasta la muerte de Fernando VII, 411-1833* (1845) de Victor Du Hamel, tamén autor de novelas históricas, publicouse en España en 1848, ampliada ata a maioría de Isabel II polo seu tradutor Baltasar Anduaga y Espinosa, e o historiador francés, como Weiss, presenta unha visión favorable ós Borbóns.

Nos restantes títulos de historia española hai un claro predominio da historiografía liberal, ben na versión dos moderados, ben na dos progresistas. Como historia xeral de España, aínda que Cuveiro so debía posuír algún fragmento, unicamente encontramos dous rexistros co título *Reseña política de España*, un coa indicación dun folleto e o outro dun tomo. Deben tratarse dos textos publicados por Fermín Gonzalo Morón dende 1842 na *Revista de España y el extranjero* que el mesmo dirixía. A obra como libro non debeu imprimirse nunca separadamente na vida do autor, ou ó menos non fomos quen de localizalo, ou quizá se distribuíse por entregas ou como excerpta da revista.¹⁰ Posteriormente foi publicada nas *Obras escogidas* do autor editadas por un dos seus fillos en 1875.

As *Memorias históricas sobre Fernando VII* publicáronse como anónimas en inglés e francés en 1824 coa indicación de seren traducidas polo irlandés Michael J. Quin. A obra, que alterna unha visión positiva do monarca e moi negativa a partir de 1814, ten sido atribuída ó propio Quin e tamén a algún exiliado español, especialmente a José Joaquín de Mora (Loyola López, David, 2020, 194). En 1840 publicáronse en Valencia en tres volumes, engadindo un *Ecsamen crítico de la revolución de España 1820-1823* atribuído a Miñano (Carantoña Álvarez, 2021, 25) e *España en el siglo diez y nueve* do historiador bretón Louis de Carné, esta última manifestamente censurada xa que "...hemos suprimido la parte última...del reinado actual de la augusta Isabel. El autor la ha escrito bajo la influencia de las pasiones del momento..." (T. III, 161), aínda que as supresións son máis que a indicada. O texto de Louis de Carné fora editado no tomo VIII da *Revue de Deux Mondes* (1836, 5-33, 377-406).

¹⁰ Dous fragmentos de exemplares deste título que puidemos identificar na BNE e na Universidade Ramón Llull levan unha paxinación que sustenta esta hipótese.

Nos restantes fondos españois de Cuveiro estamos ante unha historiografía contemporánea, que en moitos casos analiza feitos en que os propios autores estiveron implicados, ou de períodos inmediatamente anteriores a eles, e que chegan en ocasións ata o mesmo ano da edición do libro. Ordenados aquí cronoloxicamente, ofertábase a obra de José Muñoz Maldonado a *Historia política y militar de la Guerra de la Independencia de España contra Napoleón Bonaparte desde 1808 a 1814...* (1833), e a *Historia política de la España moderna* (1840) do liberal progresista e esparterista Manuel Marliani, que se iniciaba no primeiro período constitucional, pero incluía un capítulo da política exterior de España desde Carlos V cunha visión crítica de Austrias e Borbóns, e un Apéndice sobre os acontecementos de 1840. Foi traducida ó español e editada nese mesmo ano por Antonio Bergnes de las Casas.

Entre os fondos da librería figuran varios textos relativos á Rexencia de María Cristina e á raíña Isabel II. O *Discurso histórico-legal sobre el derecho de la Princesa Isabel Luisa a la sucesión de la Corona por el fallecimiento sin hijos varones de su padre ... Fernando VII* (1833) de José de la Peña y Aguayo, un liberal especialmente coñecido pola defensa de Mariana Pineda; a obra de Joaquín Francisco Pacheco, xurista, liberal moderado e autor de textos literarios de diversos xéneros, *Historia de la Regencia de la Reina Cristina* (1841), na que non deixaba de advertir no seu prólogo que "Los historiadores de sucesos recientes tienen la doble desventaja de ser hombres de partido, y de preocuparse con cada acontecimiento, sin poder descubrir, colocados entre ellos propios, su jeneración ni su enlace"; a edición diplomática da *Correspondencia sobre los matrimonios españoles encontrada en el Palacio de las Tullerías en febrero de 1848* (1848), sobre as manobras para o casamento de Isabel II; e a anónima *Reseña histórica del alzamiento de 1840*, editada nese mesmo ano. No xénero biográfico figuraban as *Memorias del general don Francisco Espoz y Mina* (1851-1852), nas que se supón que tivo ampla participación a súa editora Juana de Vega; e a obra do republicano José Segundo Flórez, membro da Tertulia do 18 de xuño (1848) e de El Porvenir, Academia de Ciencias, Literatura e Belas Artes, *Espartero: Historia de su vida militar y política...*, obra encargada pola Sociedade literaria dos irmáns Ayguals de Izco. Finalmente dous folletos daban conta da figura do republicano e iberista José María Orense, a *Biografía de José María Orense* (1846) e a *Causa formada al ex-diputado D. José María de Orense* (1851).

Outro grupo de fondos teñen como obxecto de estudo as guerras carlistas, como a obra do carlista Ramón Sánchez, *Historia de Don Carlos y de los principales sucesos de la Guerra Civil de España* (1844), ou a do liberal Dámaso Calbo y Rochina de Castro *Historia de Cabrera y de la guerra civil en Aragón, Valencia y Murcia*, vendida por entregas en 1845, con magníficas ilustracións de Fernando Miranda. Tamén oferta Cuveiro o *Manifiesto del Marqués de Rodil a la Nación española*, impreso en Porto en 1837, xustificando a súa campaña de persecución do xeneral carlista Gómez. No xénero biográfico *Vida y hechos de Ramón Cabrera con una reseña*

de sus principales campañas desde noviembre de 1833 hasta el presente asinado baixo o pseudónimo "Un emigrado del maestrazgo".

Da Revolución francesa de 1848 daba conta no fondo de Cuveiro o libro do liberal progresista Antonio Pirala *Sucesos de París. Páginas de gloria* (1848). A obra de Andrés Borrego, liberal doutrinario do círculo de Pacheco e Donoso Cortés, *De la situación y de los intereses de España, en el movimiento reformador de Europa: 1848*, con pe de imprenta nese mesmo ano, analizaba a situación política española, incluíndo un capítulo titulado *De los intereses de España y de Portugal* que mostraba o iberismo que o autor mantivo ó longo da súa vida. Cuveiro ofertaba tamén a obra dos liberais progresistas Rafael Maria Baralt e Nemesio Fernandez Cuesta *Historia de las Cortes de 1848 a 1849* sobre a repercusión nas Cortes dos sucesos de 1848 e os sucesivos debates entre moderados, progresistas e demócratas. Outro dos libros do catálogo, *El porvenir: obra política dedicada a la juventud española* (1847, 2ª ed. 1848-1849) baixo o pseudónimo "Los misioneros", vendíase por entregas e subscrición, e analizaba a historia dos partidos españois.

Algúns dos autores citados ata aquí (Alfredo Adolfo Camus, Eugenio de Tapia, Fermín Gonzalo Morón) están amplamente influenciados polo concepto de civilización de François Guizot. A *Historia general de la civilización europea...* (1828) deste autor, representante da historia filosófica, foi reiteradamente editada en España a partir de 1839 con lixeiras variantes no título. Así en 1839 hai dúas edicións en Barcelona, unha da imprenta de Jacinto Verdaguer e outra de J. Oliveres, unha en Cádiz da Viúva de Comes, e unha en Madrid (1839-1840) de Miguel de Burgos; en 1840 volve a editala Oliveres; a finais da década seguinte sucédense as edicións en Madrid por Madoz e Sagasti (1846,1849), Mellado (1847, 1849), e neste último ano de novo en Barcelona por Oliveres. Dous rexistros deste título no catálogo de Cuveiro deben corresponder a dúas edicións da obra, xa que presentan variantes no título.

Posúe tamén o libreiro outras dúas grandes obras da historiografía francesa, a *Historia de la revolución francesa* (1823-1827) e varios tomos da *Historia del Consulado y el Imperio* (1845-62) de Adolphe Thiers. A primeira publicárase por primeira vez en España en 1836 na casa de Antonio Bergnes, traducida por Mor de Fuentes, e logo, antes da data do catálogo que analizamos, en 1840 en Madrid e San Sebastián. A segunda obra imprimiuse entre 1845 e 1851 pola Viúva e fillos de Antonio Calleja e por Ángel Calleja, pero seguramente a de Cuveiro correspondería a edición de Mellado, xa que ata 1856 non sae o volume 12, e o libreiro so posúe os 11 primeiros volumes. E a estas engadíanse *Ensayo sobre las revoluciones* (1796) de Chateaubriand na edición en tres volumes de 1847-1848 da colección *Biblioteca popular europea* que se vendía por entregas e subscrición, a *Historia de la Revolución Francesa de 1848* (1849) de Alphonse de Lamartine, publicada en España o mesmo ano que a edición francesa, así como unha *Historia de Francia y*

de sus revoluciones...formada según Thiers, Bodin, y otros célebres escritores (1847) compilada por unha Sociedade "Historografa" baixo a dirección de Ramón Campuzano.¹¹

Tamén ofertaba a *Historia de Carlos XII, rey de Suecia* de Voltaire, quizá algunha das varias edicións do século XVIII nun volume, xa que non atopamos ningunha do XIX anterior a 1854 que cumpra esa condición. Sobre as revolucións de 1848 noutros países europeos, Cuveiro vendía o libro de Jakob Tolstoy *Historia de la revolución y guerra de Hungría: (1848-1849)*... que daba conta da intervención do exercito ruso a favor da monarquía austríaca, e os textos de Riesco Le-Grand *El patrimonio de San Pedro, o sea Discurso sobre el origen, progresos y estado actual de la soberanía temporal de los Papas* (1849), e *La cuestión romana* (1849) do liberal Evaristo San Miguel, ambos sobre a República Romana.

O fondo completábase con algunhas obras de historia antiga como o *Manual de historia romana desde la fundación de Roma hasta la caída del Imperio de Occidente* de Philippe Le Bas, editada por Mellado en 1844 na *Biblioteca popular*, edicións latinas de *De viris illustribus* de Cornelio Nepote e *Catilinaria et Iugurtina bella* de Salustio, e quizá baixo a forma "Quint. Curt." algunha edición da *Historia de Alejandro Magno*.

As historias romanescas

Dende as últimas décadas do século XVIII circularon con abundancia en España as novelas, na súa maior parte traducións do francés ou inglés, e o seu éxito foi medrando no pasar das décadas, ata o punto que periódicos como *El Heraldo* entregábanas gratuitamente coa subscripción ó periódico (*Bol. Oficial de la Provincia de Orense*, 17 de agosto de 1844, 4). Acusadas de lecturas corruptoras, especialmente para as mulleres, estas achegáronse ó xénero como autoras, tradutoras e lectoras, ou oíntes, como nunca antes fixeran. Eran fundamentalmente novelas sentimentais e góticas inglesas e francesas, logo tamén históricas, para as que o mercado editor, as revistas e a prensa puxeron en marcha todas as estratexias a que nos referimos anteriormente, incluíndo ademais coleccións dirixidas a elas con títulos tan claros como a *Biblioteca de damas* de Antonio Bergnes de las Casas¹², ou *Museo de las Hermosas* da Sociedade Literaria de Ayguals e Izco. Sobre o triunfo da novela non deixa dúbida a composición dos gabinetes de lectura, cuxa clientela feminina era abundante en todos os países. En París estímase que entre o 90 e o 95% dos fondos dos gabinetes no período da Restauración son novelas (Parent-Lardeur, 91). En España na década

¹¹ Baixo esta sociedade realizou en 1847 outras recompilacións da Historia de Inglaterra, África, América, etc. Campuzano y González era un autor e impresor madrileño, coñecido especialmente polo seu *Diccionario manual de la lengua castellana*, unha das primeiras obras desta clase que introduciu as ilustracións, e que nos primeiros anos chegou a tirar unha edición anual. A partir de 1857 as edicións indican por unha sociedade de literatos baixo a dirección de Campuzano. A falta doutras testemuñas sobre estas sociedades entendemos que se trata de traballos por encargo realizados por escritores "fantasma", con frecuencia na época mal pagados e a traballo feito.

¹² Aínda que a Biblioteca se presentaba como un periódico, estaba formado por novelas por entregas.

de 1840¹³ no catálogo do gabinete valenciano da librería de Mariano Cabrerizo de 719 obras ofertadas, o 62% son novelas.

Na librería de Cuveiro hai un número limitado de obras da literatura clásica española. Cervantes é o autor con máis rexistros no catálogo, a maioría edicións do *Quijote*, obra transcendente para o romanticismo. Unha das edicións á venda descríbese no catálogo en catro volumes con láminas, co que coinciden a impreza polos Hijos de Doña Catalina Piñuela en 1829, e a de Repullés en 1853-1854; un segundo rexistro coa indicación "Don Quijote y el Busca pie" en catro volumes, é a edición cervantina co texto de Adolfo de Castro impreso por vez primeira en 1847; e está aquí tamén a edición en 6 volumes anotada por Clemencín e editada por Aguado entre 1833 e 1839. Fora desta obra, Cervantes so figura cun rexistro de *Rinconete e Cortadillo*. Ademais deste último relato, entendido por moitos críticos, pero non por todos, encadrado na picaresca, encontramos no inventario outras novelas deste xénero: o *Guzmán de Alfarache* de Mateo Alemán, ben unha edición anterior ó século XIX, ben a edición madrileña da impreza de Pedro Sanz de 1829, ou a barcelonesa de Juan de Oliveres de 1843, únicas que atopamos nos dous volumes que indica o inventario; *La garduña de Sevilla* de Alonso del Castillo Solorzano, posiblemente en edición madrileña de 1844 ou 1846; *Vida y hechos de Estebanillo González, hombre de buen humor*, edición de Mellado de 1844, aínda que na primeira metade do século XIX tamén houbo edicións españolas impresas en Francia en 1847 e 1852 que non podemos descartar. Entre estes fondos está tamén un exemplar da novela pastoril *La Diana* de Jorge de Montemayor, quizá nunha edición antiga xa que non atopamos ningunha nas primeiras décadas do século XIX.

Da narrativa española do século XVIII ten Cuveiro dous rexistros dunha edición en dous volumes *Historia del famoso predicador Fray Gerundio de Campazas, alias Zotes*, posiblemente a do Establecemento de Madoz e Sagasti de 1846; dúas novelas moralizantes, *El engaño feliz: novela exemplar* (1795) de Mariano Madramany y Calatayud, con distintas edicións no primeiro terzo do século XIX; *Sabina, ó los grandes sin disfraz* (1828) de Pablo Olavide, editada en New York; e a edición das obras de Cadalso feita por Repullés (1818) cuxos dous primeiros volumes estaban formados por *Los eruditos a la violeta* e *Las cartas marruecas*; e *La noche entretenida*.

Da narrativa sentimental ofrecía Cuveiro *Anastasia ó la recompensa de la hospitalidad*, unha tradución adaptada por Antonio Marqués y Espejo da obra do autor suízo Jean Élie Bertrand (Rodríguez Morín, 2021), con distintas edicións a partir de 1818; *Adelaida o el suicidio* de Joaquín Castillo Mayone, editada en 1832, 1833, e 1837; *La Sombra del religioso, ó, Corsino y Malvina en el convento incendiado: novela original española* (1836) asinada por D. J. S. y C. que se desenvolve no marco dos motíns anticlericais de Cataluña en 1835.

¹³ O catálogo deste gabinete fai referencia a 1813 como data da súa creación, pero nel atópanse obras que foron publicadas en España por primeira vez nos anos 40.

Unha parte considerable da novela española incluída no catálogo do noso libreiro eran novelas históricas. Da década de 1830 encontramos dúas novelas de Salvador García Baamonde, *Los solitarios ó Desgraciados efectos de una Guerra Civil: novela histórica del siglo XVI* (1831) e *Xicotencal, príncipe americano: novela histórica del siglo XV* (1831), e *El pirata de Colombia* (1832) e *El primogénito de Alburquerque* (1833-1834) de Ramón López Soler. Das décadas seguintes están *La ambición de un regente en la menor edad de un Rey* (1843) de Francisco Martínez; *El favor de un rey* (1844) de Eustaquio María de Nenclares; *El señor de Bembibre* (1844) de Enrique Gil y Carrasco, considerada a mellor novela do romanticismo español; e *Ricardo espada-larga* (1851) do prolífico autor de folletíns Manuel Fernández y González.

Ademais a librería ofertaba algunhas novelas históricas que trataban asuntos contemporáneos: *El dos de mayo* (1845) de Julian Ariza; *El patriarca del valle* (1846) de Patricio de la Escosura; *La marquesa de Bellaflor ó el niño de la inclusa historia-novela original* (1847), en palabras do autor "historia-novela", segunda da triloxía do tamén historiador Wenceslao Ayguals y Izco, cuxa finalidade era "...abogar por las clases menesterosas, en la verídica relación de la historia contemporánea..." segundo as súas palabras. Os tres autores son considerados precedentes da obra de Galdós (Baulo, 1966, 59; Ferraz Martínez, 45). En igual posición de transición á novela realista hai que situar a *El dios del siglo* do galego Jacinto Salas y Quiroga (Patiño Eirín, 2002), e *Creencias y desengaños* (1843) de Ramón de Navarrete. Tamén Estanislao de Kotska Vayo figuraba nos andéis de Cuveiro, cunha crítica do carlismo e a sociedade secreta "El Ángel exterminador" na obra *El judío errante en España* (1845-1846), unha imitación da obra de Sue, que aínda que publicada de forma anónima, na súa novela asinada *La hija de Asia* figura como autor da primeira (*Bol. Bibliográfico español*, 1849, 27).

Un pequeno conxunto de obras enmárcanse no costumbrismo: *Horas alegres: ramillete de cuentos y cuadros de costumbres* (1847) de Gregorio Dargallo; de Ayguals e Izco *Pobres y ricos ó La bruja de Madrid* (1849-1850); *Doce españoles de brocha gorda* (1846) de Antonio Flores; e a peza costumista de Neira de Mosquera *Las ferias de Madrid: almoneda moral, política y literaria* (1845). Sen adscribir a ningún xénero, xa que non atopamos ningún exemplar, tamén estaba na librería *La tia Marizapalos: cuentos de majia y encantos, aumentados con el arte de hacer todas estas maravillas* (1840) do autor galego Nicolás Taboada Leal.

Aínda que encontramos so catro mulleres autoras dentro da novelística española, hai que resaltar a súa participación no xénero novelesco. María Belloumini inspirouse nunha historia tradicional oriental de *Los caballeros del cisne* de Mme. de Genlis, aínda non traducida entón ó español, para *La invención del órgano o Abassa y Bermécides: novela histórica* de 1801 (Establier Pérez, 2015, 188-189). Antonia Tovar y Salcedo escribiu *Reynaldo y Elina ó la sacerdotisa peruana: novela histórica* (1830). Casilda Cañas de Cervantes é a autora de *La española misteriosa y el ilustre aventurero ó sean Orval y Nonui: novela histórica original* (1833), que sinalaba na introdución á obra "...no tiene de novela mas que el nombre" xa que se trata dunha arenga antifrancesa en

defensa do altar e o trono (Establier Pérez, 2015, 174). Ramona Guijarro de Aparisi é a autora da novela sentimental *Emilia y Clara, ó Efectos de una buena educacion: novela original* (1840). Coas características de recreación con que se entende entón a tradución, hai que engadir ás autoras as tradutoras: María Mercedes Requena, Petra Pedregal de Hervás e Joaquina Vera.

A novela española representa o 29,7% do conxunto do xénero da oferta de Cuveiro, mentres a francesa é o 45,6%, o que da conta da forte dependencia que o mercado editorial español tiña da produción francesa. Na maioría dos casos os editores españois parecen apostar sobre seguro, xa que moitos dos autores e obras que se publican, están precedidos por un considerable éxito en Francia. Tamén están atentos ás novelas publicadas previamente nas revistas. Así unha novela da librería *Allan el pescador* de Frédéric Bourgeois de Mercey, non se publicou en Francia como libro ata 1858, mentres que en España foi editada por Madoz e Sagasti en 1847. A obra saíra previamente en diferentes números do tomo III da *Revue de Paris* en 1845 co título *Burk l'étouffeur*.

Tamén neste corpus de traducións atopamos novelas do século XVIII, gran parte impresas en España por primeira vez no Trienio liberal, como a moi popular *Historia de Gil Blas de Santillana* (1715-1735) de Alain-René Lesage, así como *Guillermo Tell ó la Suiza libre* (1800) de Jean-Pierre Claris de Florian. Ó seu lado algúns exemplares de novelas licenciosas, como as *Aventuras del baroncito de Foblas* (1787) de Louvet de Couvray, que circulou en España na última década do século XVIII en edicións francesas; *Las amistades peligrosas* (1782) de Choderlos de Laclos; e *El compadre Mateo ó Baturrillo del espíritu humano* (1766) de Henri Joseph du Laurens, que chegou aquí en traducións ó español editadas en Francia (1820, 1822, 1838). Tamén ofertaba Cuveiro a tradución da novela satírica de Pigault Lebrun *Mi tío Tomás* (1799), editada por primeira vez en español en 1822, moi reeditada nos anos seguintes, e posiblemente aquí na edición barcelonesa de Saurí en dous volumes. Este último autor, que representa en Francia a transición ó subxénero gótico, ten tamén no catálogo *Kinglin o el adivino* (1800) na edición de Saurí de 1839. Pero sen dúbida a novela francesa máis importante para a nova sensibilidade que empuxa a novela europea ó Romanticismo é *Julia o la Nueva Heloisa* (1761) de Rousseau, que tería unha primeira edición en español impresa en Francia en 1814, pero aquí seguramente na edición de Francisco de Oliva de 1836, única que localizamos nun so volume.

Dentro da novela gótica sitúanse as obras de Baculard d'Arnaud aquí con *Amelia, ó, Desgraciados efectos de la extremada sensibilidad: anecdota inglesa* (1780), traducida ó español por primeira vez en 1806. Outras novelas góticas presentes son *El renegado ó el triunfo de la fe* (1822), *La verdulera* (1837), e *Los tres castillos: historia contemporánea* (1840) de Antoine François Prévost d'Arlicourt; *Los huérfanos de la aldea* (1796) de François-Guillaume Ducray-Duminil, traducido en 1838, seguramente a edición en tres volumes de 1842; *Les Nuits du Père-Lachaise* (1845) de Léon Gozlan, foi publicada nestes anos en español con distintos títulos: na *Revista de Madrid* en 1845 como *Las noches del Padre Lachaise*, como libro impreso *La verdad de un*

epitafio en 1845 pola Sociedad Literaria y Tipográfica, *Lady Glenmour o una noche en el cementerio* na edición de Madoz e Sagasti de 1846, e no periódico *La España* en 1850 como *Secretos de un cementerio*). Cuveiro vendía a edición de Madoz e Sagasti.

A novela fantástica francesa ten unha soa testemuña: a obra de Charles Nodier, tradutor de Pollidori ó francés, *Trilby, ó, El duende de Argail* (1822), segundo confesa o propio autor no libro inspirado nun prólogo ou nunha nota de Walter Scott, e publicado en España en 1842 .

O éxito da novela de folletín aparece na librería coa presenza dos autores máis famosos do xénero en Francia, o xa citado Léon Gozlan, Alexandre Dumas, Frédéric Soulié, Eugène Sue e Paul de Kock. Deles Dumas pai, o mellor expoñente da novela histórica de aventuras, é o autor con máis títulos na librería: *El capitán Pablo* publicouse no periódico *Le siècle* entre maio e xuño de 1838, constituíndo o primeiro folletín en sentido estrito da prensa francesa (Pas, H., 2015, 40, n.7), aínda que en España obra non será traducida ata 1848 en Málaga. As restantes novelas deste autor presentes aquí son *O cavaleiro d'Harmental* (1842) probablemente unha edición portuguesa feita en Lisboa en 1849, o relato histórico ou historia-novela *Luis XIV y su siglo* (1844) traducida en 1849, *Veinte años después: continuación de Los tres mosqueteros* (1845), con tradución española do mesmo ano, *El caballero de la Casa-Roja* (1845-46), editado en España en 1847, *La dama de Monsoreau* (1846), traducida ó español ese mesmo ano, *El Vizconde de Bragelonne* (1847), traducido ó ano seguinte, *Una familia corsa* (1848), traducida no mesmo ano, e *Angel Pitou* (1851) publicada dentro da serie *Mémoires d'un médecin*, e traducida en 1852, aínda que nun prospecto de *La Abeja literaria* de 1849 anunciase xa a súa próxima publicación en Francia, o que é indicativo do enorme interese que Dumas espertaba en España. Aínda que non se trata propiamente dunha novela, nos andeis de Cuveiro tamén figuraba un volume de *Crímenes célebres* de Dumas, no xénero de relatos de causas criminais de gran éxito editorial.

Frédéric Soulié ten na librería *Sataniel: novela histórica* (1836), editado por primeira vez en español en 1843 por Jaime Tió, *El consejero de Estado* (1835), publicado en España en 1847, e *Los dramas desconocidos* (1846), publicado inmediatamente en España (1846-1847). Eugène Sue, que tamén exerceu de historiador, non tivo en España un aplauso unánime da crítica, o que hai que relacionar coa súa militancia socialista e fourierista, pero si do público. Non están aquí os títulos máis coñecidos da súa produción novelística, *Los misterios de París* ou *El judío errante* con distintas edicións españolas a partir de 1844, senón *Plik et Plok* (1831) e *El castillo del diablo ó El aventurero*, tradución de *Le Morne-au-Diable* (1842), ambas novelas marítimas con perspectiva histórica e traducidas ó español en 1845.

Figura nos andeis de Cuveiro Paul de Kock, un autor de novelas por entregas moi popular en Francia e España e cuxas traducións comezan a publicarse en 1826: *Lances de amor y fortuna*, editada en Madrid en 1843, indica na portada ter sido publicada previamente en *El corresponsal* de Aribau co título *Cuántas veo, tantas quiero; Las Carcajadas: coleccion selecta y festiva de cuentos y artículos de costumbres...*, unha recompilación de relatos cortos do autor publicada en

Madrid en 1845; e *Clotilde o las tres flores* publicada en 1848 que so coñecemos por anuncios na prensa, xa que non atopamos ningún exemplar en bibliotecas.

A novela realista europea, representativa da clase burguesa, está na librería con dúas obras de Honoré de Balzac. Estas novelas foron con posterioridade a súa edición francesa incorporadas polo autor a *A comedia humana*. *El lirio en el valle* (1836), novela autobiográfica e epistolar publicada en España en 1845, foi introducida nas *Scènes de la vie de campagne*. *Petrita* publicada primeiro como folletín en *Le Siècle* en 1840, incorporouse logo nas *Scènes de la vie de province*, e foi publicada por Mellado no mesmo ano que a anterior.

A contribución das mulleres nas novelas francesas de Cuveiro é moi destacable, fundamentalmente novelas sentimentais, góticas e históricas. Aquí figuran: Claudine-Alexandrine de Guérin coa novela sentimental *Historia del Conde de Comminge* (1735), publicada en español en 1827 e 1837, edición que incluía ademais *La Quinta de Juvizy* de Mme. De Flamanville, previamente publicada en español en 1827 en París, e en 1836 e 1837 en Barcelona, a obra de Baculard d'Arnaud *Los amantes desgraciados* que fora xa traducida en 1791, e un poema de Claude-Joseph Dorat sobre o mesmo tema (García Garrosa, 1992, 353-376); *Pelayo: restaurador de la Monarquía Española: novela histórica* de Madame de Rome, pseudónimo de Mme. de Marné de Morville, publicada en 1828; *La Malvina* de Sophie Cottin, que ten unha edición española por ano entre ¿1830? e 1837, e da mesma autora a novela histórica *Matilde ó Memorias de la historia de las cruzadas. El Sepulcro, ó, El subterráneo: historia de la duquesa de C**** foi atribuída a Ann Radcliffe e a Hector Chaussier e N. Bizet, pero parece ser obra de Mme. Genlis (Treouille, 2010), presente tamén no inventario con *El sitio de la Rochela o El infortunio y la conciencia*, publicada no mesmo volume de *El talismán* de Walter Scott por Bergnes de las Casas na edición de 1838 que vendía Cuveiro. *Los capuchinos, ó, El secreto del gabinete obscuro* (1801) de Elisabeth Guénard é unha das primeiras novelas eróticas da literatura feminina de entre séculos, traducida ó español por primeira vez en 1837. De Madame de Suberwick (Victorine Germillan), baixo o pseudónimo Victor de Féréal, *Misterios de la Inquisicion y otras sociedades secretas de España* publicada en 1845, obra sinalada como prohibida polo denunciante do catálogo de Cuveiro. *Maclovia y Federico ó Las minas del Tirol* de Louise Marguerite Brayer de Saint-Leon, cuxa primeira edición é de 1808; *Pedro*, traducida ó español en 1849, da escritora feminista e saint-simoniana Angélique Arnaud; *Un amor sin esperanza: novela histórica* de Laure Junot, duquesa de Abrantes, publicado en 1850. Pero as novelas de autoría feminina mellor representadas son as da republicana e feminista George Sand, "...la novelista profunda, la que está llamada a compartir la gloria de Balzac y Walter Scott..." (Castro, 1966, 661). Desta autora ofertaba a librería: *León Leoni* (1834), primeira novela da autora publicada en español en 1836, *Indiana* (1832), editada en 1837 en sendas edicións madrileña e barcelonesa, *Valentina* (1832) e *El secretario privado* (1834), ambas traducidas por Eugenio de Ochoa en 1837, *Juana* (1844) publicada en español en 1845, e *Teverino* (1845) con edición

española en 1847. Tamén vendía Cuveiro desta autora as *Cartas de un viajero* (1837), relato de viaxe con notas autobiográficas editado en Barcelona en 1838.

Encontramos na librería un grupo de novelas que representan a gran novela inglesa do século XVIII, e que teñen unha influencia fundamental na narrativa europea do século XIX. A novela de aventuras *Robinson Crusoe* (1719) non foi editada en español ata 1835 en París, froito de problemas coa censura. *Clara Harlowe* (1747-1748) de Samuel Richardson e a *Historia de Amelia Booth* (1751) de Henry Fielding son o cumio da gran novela sentimental inglesa. A primeira foi publicada en España en 1794-1796 e tivo un considerable éxito con distintas edicións ata a data do inventario de Cuveiro. A segunda publicada en 1795-1796 é considerada pioneira da novela social. Tamén está aquí a novela didáctico-sentimental *El vicario de Wakefield* de Oliver Goldsmith, publicada en 1766, pero sen tradución ó español ata 1833 co título *La familia de Primrose*, aínda que si circulou en inglés en Galicia con anterioridade, xa que en 1832 está na librería compostelá da familia Compañel. Das moitas mulleres inglesas que escribiron novelas sentimentais a partir do século XVIII, so figura no catálogo a irlandesa Elizabeth Blower con *Adrian y Estefania, ó La isla desierta* editada en España en 1819.

O subxénero gótico inglés aparece con *El Italiano o el confesionario de los penitentes negros* (1797) de Ann Radcliffe, publicada na versión española en París en 1832 e en Barcelona en 1838. Do mesmo xénero é *La Abadesa* (1799) de William Henry Ireland publicada varias veces en España a partir de 1822. A novela histórica *Leila o el sitio de Granada* (1838) do entón moi popular Edward Bulwer-Lytton, traducida en 1845, ten tamén parte do ambiente gótico que caracteriza a outras novelas do autor. O vampiro romántico está aquí no relato inaugural de John William Polidori *El vampiro o la sangre de las víctimas* (1819), que se editou en 1824 atribuído a Lord Byron.

O escritor que da forma á novela histórica europea é sen dúbida Walter Scott, definido polo prospecto do primeiro e fracasado proxecto de editar as súas obras en español do impresor Jean Alzine de Perpignan como "...el primero y el más célebre de todos los romanceros de la época moderna" (Marrast, 1988, 70). Deste autor, con considerable influencia nalgúns autores españois de novelas históricas (García González, 2005), Cuveiro vendía: *El talismán* (1825), a primeira obra do autor traducida ó español, publicada ese mesmo ano en Inglaterra por Ackerman, e en 1826 en Barcelona, aínda que a edición de Cuveiro, que como sinalamos se editaba xunto a unha obra de Mme. De Genlis, era a edición de Bergnes de 1838; *El monasterio* (1820), publicado en español en París en 1840 traducido por Eugenio de Ochoa, aquí na edición de Mellado de 1840 ou na de Oliva de 1845; e *Las aventuras de Nigel* (1822) editado en español en París en 1836, pero en España non atopamos ningunha edición anterior a 1845. Tamén vendía o libreiro *La maga de la montaña*, que Mellado publicou como da autoría de Scott, pero é unha obra apócrifa (Montesinos, 244). Un dos máis prolíficos seguidores de Scott foi William Harrison Ainsworth, aquí coa novela *La Torre de Londres* (1840), editada en España por Oliveres en 1844.

A literatura inglesa de fantasmas, de gran éxito na primeira época vitoriana, foi publicada habitualmente na prensa. Cuveiro tiña a novela corta *The Haunted Man and the Ghost's Bargain: A Fancy for Christmas-time* (1848), un dos Contos de Nadal de Charles Dickens, traducido co título *El hombre y el espectro o El pacto: cuento fantástico* (1849), segunda obra editada en España deste autor.

Non podemos rematar sen facer referencia á literatura alemá e italiana. A primeira so representa un 3,8% das novelas de Cuveiro, e se excluimos a narrativa infantil, limitábase a un so título: a novela epistolar e autobiográfica de Goethe *Las pasiones del joven Werther* (1774, revisado polo autor en 1787). Como tantas veces, a obra foi publicada en español por vez primeira en París en 1802 e 1803, despois dun intento de 1800 que non superou a censura (Montesinos, 202). De acordo á forma en que aparece o título no catálogo de Cuveiro, a edición ofertada na librería é a editada en 1849 dentro da colección *La época: biblioteca para todos*. Os libros restantes son seis contos para nenos do moi popular Christoph von Schmid: *Los huevos de Pascua* (1816), *Rosa de Tanenburgo* (1823), *El corderito* (1826), *Eustaquio* (1829), *Godofredo* (1829), e *Timoteo y Filemón* (1841), todos publicados en español en 1844 pola Imprenta y Casa de la Unión comercial de Madrid.

Da narrativa italiana o catálogo inclúe tres rexistros, un de Giulio Cesare Croce *Historia de Bertoldo, la de su hijo Bertoldino, y la de su nieto Cacaseno*, baseada en historias populares, e dous da novela histórica de Alessandro Manzoni *Os noivos* (1827, revisada en 1842), con primeira edición en español en 1833. A obra está aquí co título *Los prometidos esposos* co que se editou en tres volumes en 1833 e en catro en 1850, que coinciden coa descrición dos rexistros do catálogo de Cuveiro.

Reflexións finais

Cuveiro na súa longa vida tivo intereses moi variados, da actividade periodística á numismática, da filoloxía á edición, pasando por outros negocios posiblemente máis produtivos como os do ferrocarril. Pero foi sobre todo un militante liberal, un liberalismo que buscou no movemento romántico a súa xustificación ideolóxica, desde cuxa cosmovisión hai que entender a súa atención á lingua, á arqueoloxía, e a súa participación na Comisión de monumentos en defensa dos bens nacionais, e as actividades xornalísticas.

A librería, que complementaríaa a súa paga de funcionario e lle permitiría sortear os tempos de cesante, móvese nas coordenadas que caracterizan o mercado libreiro a mediados do século XIX: elaboración de catálogos, publicidade dos libros, rebaixas de prezo ou rifas, certa oferta de libros antigos, adopción de novas formas de distribución dos libros co seu proxecto dun gabinete de lectura, etc.

O catálogo que presenta Cuveiro en 1854 modifica substancialmente a composición habitual das librerías das tres primeiras décadas do século: redución de libros relixiosos, incremento das obras históricas e narrativa, un peso importante dos fondos que difundían os debates políticos, etc. Pola

contra, a presenza de libros científicos é moi reducida, a non ser os de medicina para a que debía haber unha certa demanda da clase médica pontevedresa, incluíndo algún traballo sobre o cólera que por entón sufriu Pontevedra, e algúns libros dirixidos ó público en xeral (hixiene, coidado dos nenos, etc.).

A distribución temática dos libros parece corresponder ás demandas de lectura dun público seducido polo espírito romántico, onde os editores encontraron na historia e a novela un gran pozo de beneficios, e os lectores e lectoras unha fonte de evasión e coñecemento como nos dan boa mostra os gabinetes de lectura. Pero a composición da librería permítenos tamén observar a consolidación dun público lector infantil, paralelo ó desenvolvemento do ensino, con obras de estudo e narrativa dirixidas especialmente a el.

O Romanticismo maniféstase na historiografía no desenvolvemento da raíz das diferentes historias nacionais, cuxo representante para Galicia na librería é a obra de Vereza e Aguiar, pioneiro do celtismo que terá unha longa tradición. A maioría dos libros de historia están claramente dirixidos á construción dunha historia nacional española e as súas orixes, aínda que falta a obra paradigmática do xénero de Modesto Lafuente que nestes anos xa comezara a publicarse. Cuveiro estivo atento ás achegas á historia moderna dos hispanistas que na década de 1840 se publicaron en España. Con todo son as historias do século XIX español as mellor representadas, tanto dende a perspectiva dos liberais progresistas como dos moderados, e dos carlistas. En canto a historia doutros países a maioría dos títulos gardan relación coas revolucións do período, especialmente coa revolución de 1848, sen que falten obras clave coma as de Guizot, Thiers, ou Lamartine.

As historias privadas ou domésticas que se desenvolven nas novelas abarcan os xéneros prerrománticos sentimental e gótico, ambos de longo recorrido dende as últimas décadas do XVIII, e tamén os xéneros histórico e social, con algúns gromos da novela costumista e realista. A dependencia da narrativa francófona en canto a autores e editores é clara, os primeiros polo número de títulos que presentan, os segundos polo significativo número de libros editados por primeira vez en español en Francia. Porén, as traducións feitas en España son cada vez máis próximas no tempo á edición orixinal, como mostra a evolución das datas de publicación das obras de Dumas. Destacamos a importante presenza de novelas redactadas por mulleres que escribiron o 13,2% das novelas da librería e que traduciron algunhas delas, deixándonos ver en moitos casos que foron quen de "vivir da pluma".

Moitas das obras históricas e romanescas analizadas poderían ser enmarcadas na que Sainte-Beuve (1839) denominou "literatura industrial", caracterizada pola súa dependencia da prensa tanto para a súa escritura (traballo por encarga e a traballo feito), como pola súa forma de publicación (serialización: folletín, entregas) e publicidade. A explotación que estas formas supoñían para os autores dará lugar en España á creación dunha asociación de autores dramáticos en 1844, e a unha lei de propiedade literaria en 1847. Ningunha das dúas rematou cos problemas.

Cuveiro, ó crear a *Biblioteca popular de Galicia* en 1868 propúñase formar unha Asociación de escritores galegos tendo en mente a situación que denunciara Saint-Beuve, e cuxa primeira realización en Francia, a Société de gens de lettres (1837), fora creada e dirixida por moitos dos autores e autoras que figuraban nos seus andeis (Balzac, Léon Gozlan, George Sand, Alexandre Dumas).

Bibliografía citada

Almanaque de Galicia para uso de la juventud elegante... (1867).

Álvarez de la Braña, Ramón (1906). D. Juan Cuveiro Piñol, *La correspondencia gallega. Diario de Pontevedra*, 23 de maio, 1.

Baulo, Sylvie (1996). Novela popular y carlismo. Ayguals de Izco y la historia-novela. *Príncipe de Viana. Anejo*, 17, 59-68.

Boletín bibliográfico español y extranjero (1842-1849)

Carantoña Álvarez, Francisco (2021). La historiografía sobre el Trienio Liberal: entre el estigma del fracaso y el enfoque militante. *Pasado y Memoria. Revista de Historia Contemporánea*, 22, 19-52.

Carballo Calero, Ricardo (1962). *Historia da literatura galega contemporánea*. Vigo, Galaxia.

Castro, Rosalía de (1966). *Obras completas*. Madrid, Aguilar.

Cuveiro Piñol, Juan (1891). *Iberia protohistórica y rectificaciones de algunos hechos históricos...* Valladolid, Establecimiento Tipográfico de H. de J. Pastor.

Domínguez, Ramón Joaquín (1849). *Diccionario Nacional o gran diccionario clásico de la lengua Española*. 3ª ed. Madrid, Mellado, T. II.

Establier Pérez, Helena (2015). La novela histórica escrita por mujeres en los albores del Romanticismo (1814-1833): creación original y adaptación de la literatura francesa en España. *Revista de filología hispánica*, 31.1, 171-199.

Estrada, Gregorio (1866). Necrología. D. Alejandro Gómez Fuentenebro y Ranera. *La Tipografía. Periódico mensual*, 3, marzo 1866, 35-37.

Fernández Cortizo, Camilo (2013). Las “ocurrencias revolucionarias” de 1846 en Galicia: exilio en Portugal y relaciones hispano-lusas. *População e Sociedade*, 21, 11-27.

Ferraz Martínez, Antonio (2014). El espejo de la historia, la historia como novela: conjunción de enfoques en el discurso sobre la novela histórica romántica. En J.M. González et al. (eds.), *La Historia en la literatura española del siglo XIX* (pp. 37-50) Barcelona, Universitat. Disponible en: <http://www.publicacions.ub.edu/ficha.aspx?cod=08564>

García Garrosa, Mª Jesús (1992). El conde de Comminge: fortuna literaria de un mito dieciochesco en Francia y en España. *Epos: Revista de filología*, 8, 353-376.

García González, José Enrique (2005). Consideraciones sobre la influencia de Walter Scott en la novela histórica española del siglo XIX. *Cauce, Revista Internacional de Filología y su Didáctica*, 28, 109-119.

Gil y Zárate, Antonio (1849). *Manual de literatura... Parte primera*. Madrid, Ignacio Boix, 1844.

Loyola López, David (2020). El Rey en el destierro: Héroes y villanos en *Memoirs Of Ferdinand VII, King Of The Spains*. *Cuadernos de Ilustración y Romanticismo*, 26, 189-209.

Marrast, Robert (1988). Ediciones perpiñanesas de Walter Scott en castellano (1824-1826). En *Romanticismo 3-4: atti del IV Congresso sul romanticismo spagnolo e ispanoamericano (Bordighera, 9-11 aprile 1987)*. *La narrativa romántica*, Genova, Istituto di Lingue e Letterature Straniere Centro di Studi sul Romanticismo Iberico, 69-79. Disponible en: <http://www.cervantesvirtual.com/obra/ediciones-perpinanesas-de-walter-scott-en-castellano-1824-1826/>

Montesinos, José F. (1972). *Introducción a la historia de la novela en España en el siglo XIX. Seguida del esbozo de una bibliografía española de traducciones de novelas (1800-1850)*, 3ª ed. corr. Madrid, Castalia.

Moreno Alonso, Manuel (1979). *Historiografía romántica española. Introducción al estudio de la historia en el siglo XIX*. Sevilla, Universidad.

Museo Arqueológico Nacional (2016). *Hachas de talón del Museo Arqueológico Nacional. Catálogo y estudio arqueometalúrgico*. Madrid, Ministerio de Educación, Cultura y Deporte.

Naya Pérez, Juan (1963). Don Juan Cuveiro Piñol, *Hoja del lunes-A Coruña*, 27 de maio, 9-10.

Nombela, Julio: Parte literaria. *La época*, 12 de xulio de 1866.

Parent-Lardeur, Françoise (1999). *Lire à Paris au temps de Balzac. Les cabinets de lecture à Paris 1815-1830*. Deux. éd. Paris, Editions de l'École des Hautes Études en Sciences Sociales.

Pas, H. (2015). La educación por el folletín: prácticas de lectura y escritura en la prensa latinoamericana del siglo XIX. *Cuadernos americanos*, 1 (151), 37-61. Disponible en: http://www.memoria.fahce.unlp.edu.ar/art_revistas/pr.9907/pr.9907.pdf

Patiño Eirín, Cristina (2002). Un romántico que anticipa el canon realista: Salas y Quiroga y El dios del siglo. En *Sociedad de Literatura Española del Siglo XIX. Coloquio (2º. 1999. Barcelona)*, *La elaboración del canon en la literatura española del siglo XIX*. Barcelona, Universitat.

Plan y Reglamento general de escuelas de primeras letras... (1825), Madrid, Imprenta Real.

Revista gallega. Seminario de literatura e intereses regionales, 1895-1903.

Rodríguez Morín, Felipe (2021). Anastasia o la recompensa de la hospitalidad (1818) de Antonio Marqués y Espejo. Aproximaciones y distanciamientos del texto suizo original. *Dieciocho*, 44.1, 113-158.

Royere, Juliette (2019). *Femmes auteurs et lectrices de romans gothiques en Angleterre et en France de 1760 à 1830*. Diplôme national de master Université Lyon 2, Enssib. Disponible en:

<https://www.enssib.fr/bibliotheque-numerique/notices/69304-femmes-auteurs-et-lectrices-de-romans-gothiques-en-angleterre-et-en-france-de-1760-a-1830>

Sainte-Beuve, Charles Augustin (1839). De la littérature industrielle, *Revue de Deux-Mondes*, 4^a serie, Tomo 19, 1 de xulio, 675-691.

Tettamancy Gastón, Francisco (1908). *La revolución gallega de 1846*. La Coruña, Librería Regional de E. Carré.

Trouille, Mary S. (2010). About the text and traslation. En Mary S. Trouille (Ed.), *Histoire de la Duchesse de C****, 25-34. London: Modern Humanities Research Association.

Turner, Cheryl (1994). *Living by the pen. Women writers in the Eighteenth Century*, London and New York, Routledge.